



SECTOR LÁCTEO

INFORME SECTORIAL 10

Informe sobre a produción de leite de vaca nas rexións NUTS-2 da UE-27



Fundación Juana de Vega
2024



Fundación
Juana de Vega



Informe sobre a produción de leite de vaca nas rexións NUTS-2 da UE-27

Rexións NUTS-2

Preséntase neste documento unha breve análise das rexións da UE-27 cunha maior produción de leite de vaca, comparando os últimos datos dispoñibles, ano 2022, respecto a 2014 e 2021.

As rexións estúdanse segundo as unidades territoriais NUTS, establecidas no Regulamento N°2066/2016 da Comisión Europea, escollendo o nivel NUTS-2 por atoparse as Comunidades Autónomas españolas neste nivel. Asímeso que esta división pode crear distorsión, pero considérase que esta é a clasificación zonal máis acaída para ver o que ocorre en rexións “semellantes” a Galicia.



Na Figura 1 reflíctense as vinte rexións cunha maior produción de leite (entregas á industria + consumo na granxa) na UE-27 no ano 2022 segundo datos da Eurostat. O sur de Irlanda é a rexión NUTS-2 cunha maior produción de leite de vaca, con case 6,5 millóns de t, seguida da Bretaña francesa e da Lombardía italiana que se sitúan cerca das 5,5 millóns de t. Galicia, única rexión española presente neste listado, encóntrase na parte media do mesmo, ocupando o décimo lugar. Estas 20 rexións, que representan o 8% das rexións NUTS-2 europeas, producen máis de 64 millóns de t de leite, equivalente a máis do 44% da produción da UE-27.

Produción de leite (x1.000 t) nas principais rexións produtoras da UE-27 (2022)




Figura 1. Produción de leite (x1.000 t) nas principais rexións produtoras da UE-27 (2022).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

Na Figura 2 pode verse o mapa da produción na UE-27 por rexións NUTS-2 (producións do ano 2019 ao ser o último con todas as rexións con datos dispoñibles). Gran parte da produción concéntrase no arco atlántico, sendo Galicia a rexión máis ao sur cunha maior produción da UE.



Production of cow's milk on farms by NUTS 2 regions

Geopolitical entity (reporting) / Time: 2019 Time frequency: Annual Item of milk: Products obtained (1 000 t) Dairy and other animal products (except meat): Raw cows' milk from farm




Figura 2. Producción de leite nas rexións NUTS-2 da UE-27 e países veciños (2019).

Fonte: Eurostat

Na seguinte figura analízase a variación da produción entre os anos 2014, último ano coa produción restrinxida polas cotas lácteas, e 2022, último ano con datos dispoñibles na Eurostat das rexións NUTS-2 (Figura 3). Destaca o gran incremento do sur de Irlanda, con 1,8 millóns de t (un incremento do 39,3% nun período de 8 anos) e o das 3 rexións polacas, +42,1% en Podlaskie, +21,5% en Mazowiecki e +34,3% en Wielkopolskie. No tocante ás 8 rexións dos 2 maiores produtores europeos, Alemaña e Francia, só 1 medrou máis dun 10%, mentres que ata 3 diminuíron a súa produción, cun aumento de arredor de 750 mil t no conxunto das 8 rexións, o que representa pouco máis do 10% do crecemento destas 20 rexións desde o fin das cotas lácteas. Das restantes rexións, 3 neerlandesas, 2 italianas e Galicia incrementaron a súa produción máis dun 10%.


**Variación da produción de leite (x1.000 t e %) nas principais rexións produtoras da UE-27 (2014 - 2022)**

Figura 3. Variación da produción (x1.000 t e %) nas principais rexións produtoras de UE-27 (2014-2022).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

Na Figura 4 pode verse a variación respecto ao ano 2021. Destaca o crecemento da rexión polaca de Wielkopolskie (+32,0%), pero xa en anos anteriores as outras rexións polacas presentaron variacións moi grandes, polo que pode existir algún erro na transferencia dos datos cara a UE. Polo que respecta ao resto de rexións, só superaron o 3% de crecemento as outras 2 rexións polacas e Emilia-Romagna, mentres que nas restantes o aumento foi máis moderado ou incluso descendieron levemente, como no caso de Galicia (-0,6%).


**Variación da produción de leite (x1.000 t e %) nas principais rexións produtoras da UE-27 (2021 - 2022)**

Figura 4. Variación da produción (x1.000 t e %) nas principais rexións produtoras de UE-27 (2021-2022).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

Na Figura 5 analízase a produción de Galicia respecto das rexións cunha produción similar (no rango de 2,75-3,25 millóns de t no ano 2022) nos últimos 5 anos, para ver a situación e posible evolución de Galicia respecto destas. No rango comentado atópanse 5 rexións, Basse-Normandie (3,19 millóns t), Schleswig-Holstein (3,06 millóns t), Galicia (2,99 millóns t), Lüneburg (2,86 millóns t) e Friesland (2,75 millóns t). O maior incremento rexístrase en Galicia, cun 5,56% de aumento nos 5 anos, cun crecemento constante ano tras ano ata o 2022, similar a Baixa Normandía, polo que de recuperarse esta tendencia podería chegar a situarse a medio prazo como a oitava/novena rexión produtora da Unión Europea.



Variación 2018-2022





Figura 5. Variación da produción nas rexións cunha produción similar a Galicia na UE-27 (2018-2022).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

SERVIZO DE ESTUDOS E INFORMES SECTORIAIS DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

ISSN: 2792-3789



Fundación
Juana de Vega